

Contratos iniciais por 1.000 habitantes

Resumo de resultados 13/03/2024

ÍNDICE

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización	1
Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización	2
Definicións, fontes e máis información	3

ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada


Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización

Contratos iniciais rexistrados por 1.000 habitantes segundo o grao de urbanización. Información para Galicia e provincias. Ano 2023

Os contratos rexistrados por 1.000 habitantes en Galicia aumentan co grao de urbanización. No ano 2023, na zona densamente poboada rexistráronse en Galicia 540,2 contratos por 1.000 habitantes, un 56,4 % máis que na zona intermedia e un 89,3 % máis que na zona pouco poboada. Este indicador toma para Galicia na ZDP e na ZIP valores moi superiores á ZPP.

Por outra parte, polo que respecta ás provincias, a zona que presenta un maior número de contratos por 1.000 habitantes é, en todas elas, a zona densamente poboada (ZDP).

	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	404,0	540,2	345,4	285,3
• A Coruña	407,0	595,8	307,7	277,9
• Lugo	353,1	435,1	340,7	295,2
• Ourense	322,0	364,1	246,3	324,1
• Pontevedra	441,0	555,1	398,6	257,5

Contratos iniciais por 1.000 habitantes. Información por provincias. Ano 2023


Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización


Contratos iniciais rexistrados por 1.000 habitantes segundo o subgrao de urbanización. Galicia

Desde o ano 2010 a ZDP é a que presenta un maior número de contratos rexistrados por 1.000 habitantes e acadou os valores máis altos no ano 2019. O indicador aumenta dende o ano 2011 ata o ano 2019, no que alcanza o seu nivel máis alto da serie. No ano 2020, a causa da pandemia da Covid-19 o indicador diminúe. No último ano considerado, o volume de contratos por 1.000 habitantes na ZDP diminuíu un 13,1%, situándose nos 540,2 contratos por cada 1.000 habitantes en 2023.


Nas restantes zonas, obsérvase unha diminución do número de contratos por 1.000 habitantes no ano 2023.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Total	386,0	436,4	493,5	534,8	581,5	616,2	621,4	428,5	525,0	465,1	404,0
ZDP	490,2	556,2	625,7	660,4	721,6	764,5	778,5	547,8	675,4	621,5	540,2
ZIP alta	370,5	423,5	478,3	535,1	595,6	620,0	606,6	418,7	506,6	427,2	355,1
ZIP baixa	394,9	430,6	475,4	494,6	500,5	550,2	566,7	368,7	445,2	368,5	311,7
ZPP alta	306,0	360,7	425,5	468,3	470,1	498,3	475,9	316,1	409,3	342,6	307,8
ZPP intermedia	253,0	265,5	290,8	335,2	372,1	401,1	443,7	263,9	296,3	292,5	284,0
ZPP baixa	230,7	253,2	293,8	328,2	355,2	382,9	396,4	273,3	331,5	289,2	272,3

Contratos iniciais rexistrados por 1.000 habitantes segundo o subgrao de urbanización. Galicia



Contratos iniciais rexistrados por 1.000 habitantes segundo sexo e o subgrao de urbanización. Galicia. Ano 2023



	Homes	Mulleres
Total	414,2	394,0
ZDP	565,3	517,0
ZIP alta	365,6	344,7
ZIP baixa	307,2	316,3
ZPP alta	333,4	281,4
ZPP intermedia	275,7	292,7
ZPP baixa	271,5	273,1

Definicións, fontes e máis información

Definicións

Contratos iniciais rexistrados por 1.000 habitantes: É o cociente entre o número de contratos que inician a relación laboral e a poboación de idade comprendida entre os 16 e 64 anos, expresado en tanto por mil. Inclúense os contratos indefinidos ordinarios, indefinidos de fomento do emprego (lei 63/1997), de obra ou servizo, eventuais por circunstancias da produción, interinidades, prácticas, formación e outros.

Contrato temporal: Con carácter xeral, un emprego defínese como temporal cando a finalización do contrato ou relación laboral queda determinada por condicións obxectivas, coma a expiración dun prazo, a realización dunha tarefa determinada, a reincorporación dun empregado ao que se substituíra temporalmente, a realización dun período de prácticas, etc. En todo caso, neste tipo de contratos as condicións da súa finalización xeralmente aparecen recollidas no contrato. Contrato indefinido ordinario

É o concertado sen establecer límites de tempo na prestación de servizos con xornada a tempo completo, parcial ou fixo discontinuo.

Contrato indefinido fomento do emprego: Contrato de duración indefinida acollido ao Fomento da Contratación Indefinida e xornada completa, parcial ou fixo discontinuo, orientado a incentivar a contratación de traballadores desempregados.

Contrato indefinido personas con discapacidade: Contrato de duración indefinida dirixido á integración laboral de persoas con discapacidade e que pode ser de xornada completa ou a tempo parcial.

Contrato de obra ou servizo: Son os contratos para a realización de obras ou servizos determinados, en xornada completa ou parcial, na actividade da empresa e que ten duración temporal.

Contrato eventual por circunstancias da produción: Contratos de duración temporal, en xornada completa ou parcial, para atender as esixencias circunstanciais do mercado.

Contrato de interinidade: Contrato de duración temporal para substituír a un traballador con dereito a reserva do posto, en xornada completa ou parcial.

Contrato temporal para persoas con discapacidade: Contrato temporal de doce meses a tres anos, con xornada completa ou parcial, para persoas con discapacidade.

Contrato de relevo: Contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación do traballador ao que substitúe por xubilación parcial; con xornada parcial ou completa.

Contrato por xubilación parcial: Contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario ao de relevo, que se firma co traballador que se xubila parcialmente.

Contrato de substitución por xubilación aos 64 anos: Contrato para traballadores desempregados que substitúan a outros traballadores que anticipan a idade de xubilación nun ano.

Contrato en prácticas: Contratos destinados a completa a formación de traballadores con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornada a tempo parcial ou completa, indistintamente.

Contrato para a formación: Contrato destinado aos mozos de 16 a 24 anos (Ata o 31 de decembro de 2013 pódese celebrar con traballadores de ata 30 anos), para a adquisición por parte do traballador da cualificación necesaria para o desempeño dun oficio ou posto de traballo concreto.

CNAE-09 (Clasificación Nacional de Actividades Económicas): É a Clasificación Nacional de Actividades Económicas resultante do proceso internacional de revisión denominado Operación 2007. Foi elaborada segundo as condicións recollidas no Regulamento de aprobación da NACE Rev.2. O obxectivo desta clasificación é establecer un conxunto xerarquizado de actividades económicas que poida ser empregado para:

- Favorecer a implementación de estatísticas nacionais que poidan ser diferenciadas de acordo coas actividades establecidas
- Clasificar as unidades estatísticas e entidades segundo a actividade económica exercida

Acceso á [Clasificación Nacional de Actividades Económicas \(CNAE 2009\)](#)

Descarga de datos

- [Contratos iniciais por 1.000 habitantes segundo sexo e grao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2002)
- [Contratos iniciais por 1.000 habitantes segundo sexo e subgrao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2002)

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir de: IGE. Cifras poboacionais de referencia, Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente